

A antena local promove un concurso de tapas entre os hostaleiros das Pontes

Ferrol. 01/10/09. A antena local da Cámara de Comercio nas Pontes —en colaboración co concello desta localidade, a Asociación do Gourmet e RTV Eume— organiza o *I Concurso de Tapas Vila das Pontes* que comezará o vindeiro luns, 5 de outubro.

Concurarán 29 establecementos do centro urbano da vila que, durante oito días, ofrecerán gratuitamente aos seus clientes unha tapa con calquera consumición. Estes locais estarán identificados grazas a un cartel no que se anuncia o concurso culinario e se recolle a localización dos participantes.

O día 12 de outubro, ás 12 do mediodía na sala de exposicións do Mercado Vello, presentaranse todas as tapas participantes no concurso e procederase á entrega de premios á tapa máis votada, á tapa máis orixinal e á tapa máis saborosa.

O sistema de votacións baséase, por unha banda, nun xurado profesional que está composto por representantes das entidades organizadoras e un profesional do mundo da hostalería. Ademais, terase en conta a opinión de todos os clientes que, logo do seu paso pola ruta de tapas, queiran depositar o seu voto mediante as papeletas que lles entregarán nos locais e que lles permitirán participar no sorteo dunha cea para dúas persoas no establecemento que elixan.

O obxectivo dos organizadores desta iniciativa é promocionar a hostalería local e fomentar a afluencia de clientes aos establecementos que participan nesta ruta gastronómica.

